

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

13561 *REAL DECRETO 1650/2004, do 9 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 613/2001, do 8 de xuño, para a mellora e modernización das estruturas de produción das explotacións agrarias.* («BOE» 175, do 21-7-2004.)

O Regulamento (CE) n.º 1783/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, que modifica o Regulamento (CE) n.º 1257/1999 do Consello, do 17 de maio de 1999, sobre a axuda ao desenvolvemento rural a cargo do Fondo Europeo de Orientación e de Garantía Agrícola (FEOGA), reforza a política de desenvolvemento rural, prioriza as axudas aos agricultores mozos a fin de facilitar a súa instalación e o axuste estrutural das súas explotacións, incrementando a axuda con estes fins.

Co obxecto de que a normativa española que regula a aplicación destas medidas, en concordancia coa comunitaria, recolla as ditas modificacións, cómpre adaptar o Real decreto 613/2001, do 8 de xuño, para a mellora e modernización das estruturas de produción das explotacións agrarias, aos cambios introducidos.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 9 de xullo de 2004,

DISPONGO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 613/2001, do 8 de xuño, para a mellora e modernización das estruturas de produción das explotacións agrarias.*

O Real decreto 613/2001, do 8 de xuño, para a mellora e a modernización das estruturas de produción das explotacións agrarias, modifícase nos seguintes termos:

Un. O parágrafo segundo do punto 1.e) do artigo 4 queda redactado do seguinte modo:

«Non obstante o disposto no parágrafo anterior, cando o plan de mellora inclúa investimentos destinados a cumprir as normas mínimas referidas no artigo 5.1.d), poderase conceder para o seu cumprimento un prazo de ata un ano desde o momento de concesión da axuda. En todo caso, os agricultores deberán cumprir estas normas mínimas antes de que finalice o período de investimentos».

Dous. No punto 2 do artigo 7 inclúese un segundo parágrafo coa seguinte redacción:

«Non obstante o anterior, en determinados casos, de acordo coa regulación específica correspondente, nos cales sexa imprescindible un maior investimento para asegurar a viabilidade técnico-económica da explotación cuxo titular sexa unha persoa xurídica, o límite máximo por explotación poderase multiplicar polo número de socios da entidade que acrediten, pola actividade que desenvolven nesta, a súa condición de agricultores profesionais, sen prexuízo do límite por UTA».

Tres. O primeiro parágrafo do punto 4 do artigo 7 queda redactado do seguinte modo:

«4. Cando o beneficiario sexa un agricultor, menor de 40 anos no momento da súa primeira instalación, que, simultaneamente a ela ou nos cinco anos seguintes, presente un plan de mellora para a súa explotación, poderá obter unha axuda suplementaria do 10 por cento do investimento, como máximo. Non obstante o anterior, cando a explotación estea situada nunha zona desfavorecida, referida no punto 3, dunha rexión de fóra de Obxectivo 1, a axuda suplementaria non poderá superar o cinco por cento do investimento. Esta axuda suplementaria poderá ser aplicada en calquera dos tipos de axuda establecidos no artigo 7.1, con independencia do regulado nos artigos 8 e 10».

Catro. O segundo parágrafo do punto 2 do artigo 9 queda redactado do seguinte modo:

«Non obstante o anterior, nos casos de plans de mellora correspondentes a agricultores, menores de 40 anos no momento da súa primeira instalación, presentados simultaneamente a ela ou durante os cinco anos seguintes, e os presentados polas entidades asociativas cando a totalidade dos seus socios sexan agricultores que cumpran estes requisitos; nos plans de mellora pertencentes a titulares de explotacións con orientación produtiva de gando vacún leiteiro, cando os investimentos que se vaian realizar para este tipo de gando superen o 50 por cento do investimento total, así como nos plans de mellora correspondentes a explotacións de gando vacún, cuxos investimentos teñan por obxecto a substitución, total ou parcial, desta actividade produtiva, a bonificación de xuros expresada anteriormente poderase aplicar sobre o xuro preferente na súa totalidade.»

Cinco. As alíneas a) e b) do punto 1 do artigo 15 quedan redactadas do seguinte modo:

a) Unha bonificación de xuros cuxo importe actualizado, determinado conforme o anexo IV, non supere a cantidade de 20.000 euros, resultante de aplicar, durante un período máximo de 15 anos, unha redución, total ou parcial, do tipo de xuro preferente establecido nos convenios subscritos coas entidades financeiras.

b) Unha prima por explotación cuxa contía máxima poderá ser de 20.000 euros, que se poderá substituír, total ou parcialmente, por unha bonificación de xuros equivalente.»

Seis. A alínea b) do punto 2 do artigo 15 queda redactada do seguinte modo:

b) Non obstante o establecido no punto 1, as axudas á primeira instalación establecidas nas súas alíneas a) e b) non poderán superar 25.000 euros cada unha delas nin o importe dos gastos e investimentos de instalación realizados. Se este importe fose inferior ao inicialmente previsto e recollido na concesión da axuda, a comunidade autónoma reaxustará a axuda concedida, recollendo as dúas modalidades de axudas previstas e de forma que, sen superar os límites establecidos neste artigo, o importe total da axuda que perciba o beneficiario alcance o máximo que resulte de aplicación. Neste caso, o importe bonificable do principal do préstamo formalizado poderá alcanzar o dos gastos e investimentos realizados, desvinculando o resto do préstamo das condicións especiais derivadas dos convenios de colaboración con entidades financeiras recollidos neste real decreto.»

Disposición transitoria única. *Solicitudes anteriores.*

As solicitudes de axudas pendentes de resolución á entrada en vigor deste real decreto serán tramitadas e resoltas segundo a normativa vixente na data en que foron presentadas.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 9 de xullo de 2004.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca
e Alimentación,
ELENA ESPINOSA MANGANA

14245 *REAL DECRETO 1780/2004, do 30 de xullo, sobre o desenvolvemento e seguimento das campañas de determinados cítricos enviados á transformación.* («BOE» 184, do 31-7-2004.)

O Regulamento (CE) n.º 1092/2001 da Comisión, do 30 de maio de 2001, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 2202/96 do Consello, polo que se establece un réxime de axuda aos produtores de determinados cítricos, foi derogado recentemente por razóns de claridade e racionalidade e substituído polo Regulamento (CE) n.º 2111/2003 da Comisión, do 1 de decembro de 2003, relativo ás disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 2202/96 do Consello, que segue concretando determinados aspectos e establecendo aqueloutros que o Estado membro debe ou está facultado para desenvolver.

Os números 1 e 2 do artigo 5 do Regulamento (CE) n.º 2111/2003 da Comisión, do 1 de decembro de 2003, dispoñen que os transformadores que desexen participar por primeira vez no réxime de axudas deberán presentar unha solicitude de autorización ante as autoridades competentes antes da data que o Estado membro determine. Esta solicitude debe facer referencia á capacidade horaria de industrialización. Coa aceptación de tal documentación, os interesados terán acreditado as condicións exixidas para a súa autorización.

No artigo 13 do Regulamento (CE) n.º 2111/2003 da Comisión, do 1 de decembro de 2003, establécese que os transformadores e as organizacións de produtores que desexen participar no réxime de axuda llo deberán comunicar á autoridade competente, e que os Estados membros poderán eximir desta obriga aqueles operadores que habitualmente veñan participando neste réxime.

En relación coa posibilidade que ofrece o número 3 do artigo 5 do Regulamento (CE) n.º 2202/96 de que os Estados membros poidan dividir o seu limiar nacional previsto para pequenos cítricos en dous sublimiarios, un para os destinados á transformación en gallos e o outro para os destinados á transformación en zumes, prorrogase a existencia dos dous sublimiarios, coas mesmas cantidades que estiveron vixentes en campañas anteriores, ao se manter a necesidade de protexer o nivel de axuda que deben percibir as organizacións de produtores que entreguen satsumas e clementinas para a transformación en gallos.

A aplicación deste réxime de axuda require a existencia dun contrato que reúna o contido mínimo esta-

blecido no artigo 7 do Regulamento (CE) n.º 2111/2003 da Comisión, do 1 de decembro de 2003. De existir un contrato tipo homologado para a especie citrícola de que se trate, o contrato deberá conter, ademais, os datos e condicións incluídos nel.

O artigo 10 do Regulamento (CE) n.º 2111/2003 concédelles aos Estados membros a potestade de establecer as datas límite en que se deberán celebrar os contratos a curto prazo. Pola súa banda, o artigo 8 permite que os Estados membros adopten disposicións complementarias en materia de contratos. O período de entrega á transformación constitúe un factor importante no desenvolvemento da campaña, polo que é conveniente regulalo establecendo dous subperíodos de entrega. Estes subperíodos estarían relacionados cos contratos de duración comprendida entre cinco e sete meses completos e consecutivos, debendo establecerse as respectivas datas límites para ambos os subperíodos.

O artigo 39 do Regulamento (CE) n.º 2111/2003 establece os prazos dentro dos cales o Estado membro debe realizar determinadas notificacións á Comisión Europea, polo que cómpre fixar as datas límite antes das cales as comunidades autónomas deben remitir esta información á Dirección Xeral de Agricultura do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, para que se poida cumprir cos ditos prazos.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de xullo de 2004,

DISPÓN O :

Artigo 1. *Obxecto.*

Mediante este real decreto desenvólvense determinadas condicións contidas no Regulamento (CE) n.º 2202/96 do Consello, do 28 de outubro de 1996, polo que se establece un réxime de axuda aos produtores de determinados cítricos, e no Regulamento (CE) n.º 2111/2003 da Comisión, do 1 de decembro de 2003, relativo ás disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 2202/96 do Consello.

Artigo 2. *Autoridade competente.*

As comunicacións, informacións, solicitudes de axuda e documentos exixidos polo Regulamento (CE) n.º 2111/2003 dirixiranllos as organizacións de produtores ao órgano competente na comunidade autónoma en que radique a súa sede social, e os transformadores, ao órgano competente na comunidade autónoma en que se encontren as fábricas onde se leve a cabo a transformación. Tales órganos xestionarán as axudas, así como as restantes actuacións dos interesados.

Artigo 3. *Solicitudes de participación no réxime de axudas dos transformadores.*

1. Os transformadores de laranxas doces, mandarinas, clementinas, satsumas, limóns, toranxas e pomelos que desexen participar por primeira vez no réxime de axudas presentarán unha solicitude á autoridade competente ata o 14 de agosto, inclusive.

Entenderase que un transformador participa por primeira vez no réxime de axudas cando non teña celebrado ningún contrato para o produto ou tipo de elaborado de que se trate en, ao menos, unha das tres campañas precedentes á que vaia comezar, incluídas as rexidas